

**Elena Frías Viana**

# **SALADA DE CONTOS**

COLECTIVO DE ESCRITORES DO EO-NAVIA  
COTARELO VALLEDOR



## A VISITA DOS MEUS PRIMOS

Érase unha vez... hai moitos anos, no planeta Pepinete, Pepino ergueuse da cama. Pepino era un alienígena. O primeiro que fexo foi o seu almorzo: lacráter tostada e o leite de lúa. Estaba alegre porque esa mañá vían visitalo os seus primos Pepinelo e Pepinazo. Vestiuse inmediatamente e esperou a que chegasen.

A Nave Estación era enorme. Os alienígenas que chegaban ao planeta vían en: nave avión, nave tren, nave nave e moitas máis cousas.

Por fin chegaron Pepinelo e Pepinazo na súa astronave.

Baixaron dela e deron unha forte aperta a Pepino. Pepino axudoulles a levar a bagaxe á súa casa. Comeron todos xuntos e Pepinelo e Pepinazo faláronlles ao seu primo da viaxe. A sobremesa era riquísima e a preferida dos tres. Paraguas de morango!

–¡Está...ñam, ñam... riquísimo! –exclamou Pepinazo–. Había tempo que non comía nel.

– É que son un fantástico cocieiro –presumiu Pepino.

–¡ Humm! Xa o creo, Pepino –dixo Pepinelo relambéndose.

Despois da xanta, recolleron a mesa entre todos. Mais non se decatáron de que Druton, un malvado alienígena, tía intención de atacar a todo o mundo, e estabaos espiando.

É máis, estaba dentro da casa de Pepino, no seu dormitorio.

–¡Ha, ha, ha! Estes fatos non saben que eu estou aquí.

De sotaque, saliu do seu escondeirite e tirou enriba de Pepino.

–¡Socorro! –gritou el-¡Druton atácame!

Os seus primos correron para axudarlle, pero Druton era mui hábil e conseguiu amarralos aos tres á árbore do xardín.

Chegou a noite e os grilos empezaron a fer ``cri, cri`` e as curuxas ``uh, uh``.

E como non se vía nada, Pepino, Pepinazo e Pepinelo metían o zoco:

–Non me metas o dido na antena!

–AAAIH! Nin tu na mía boca.

–Hi, hi! Quen me fai cóxegas na orella ...?

–¡BASTA! -interrompeu Druton-. Estou a aborrecer pola vosa culpa.

E volveuse meter na casa.

Desamarrou nelos.

–Ouh, pero se é Astro...

-Silencio! Que nos van ouvir.

Astro Raio explicoulles o que ían fer para derrotar a Druton.

–Xa sabedes que Druton é o señor da escuridade. Daquela haberemos recitar:

*``Luz que enches o día de color,  
derrota a Druton  
que non é o tou defensor``*

Pero había un problema: a porta estaba mui ben pechada. Pero como Astro Raio era mui forte pudo tirala embaixo. Ao velos, Druton aventouse sobre eles (cousa que fía moitas veces) mais os catro recitaron a poesía. Entón, pola ventá entrou un furacán de luz e enguliu a Druton.

–Aaaaaah! -berrou Druton.

Mais non lle serviu para nada.

Druton desapareceu para sempre gracias aos nosos heroes. Poucos días despois, celebraban a derrota de Druton.

–Vivan os heroes!

–Acabaron con Druton!

–É xenial!

–É marabilloso!

Soaban tambores e trompetas: Tarararííí! Pom, pom, pom!

E Pepinelo e Pepinazo volveron felices para cadansúa casa.

## O CORDEIRÍN DE OURO

Érase unha vez un pastor que tía moitas ovellas.

E un día unha ovella deu á luz un precioso cordeirín, mais... Qué sorpresa! Era de ouro!-

E non sabían como tornalo en branco.

Pasou o tempo e o cordeirín medrou. Tornouse nunha formosa ovella.

Mais un día que estaba a pastar perdeuse.

Daquela un príncipe viuna e levouna con el. A ovella portábase muito ben co xoven.

E un día díxolle:

–Se queres que che axude a traballar durante dezoito anos, terás que concederme un desexo.

O príncipe díxolle que si, e ela axudoulle a traballar durante dezoito longos anos.

Ese mesmo día, a ovella díxolle ao príncipe

–Agora cumpre no meu desexo: córtame a cabeza. Prometíchemo.

El púxose mui triste pero cortoulla.

Cual foi a súa sorpresa ao ver que non era unha ovella de ouro, mais unha princesa.

Casaron e foron mui felices.

Oxalá lles vaia ben e a nós tamén!

## A RA LOUCATIS BOTA FUMO!

Loucatis era unha ra como todas: comía insectos, bañábase no río, era verde... Pero eso si, estaba louca como unha cabra!

–Meu fillo naceu, -díxolle un día unha ra.

E ela, que estaba louca, contestou:

–Tou fillo é o meu tataravolo!

Por eso a chamaban Loucatis. Sous pais probaron a lle dar toda caste de aspirinas a ver se cambiaba. Déronlle aspirinas de todas as cores que un podía imaxinarse: azul, laranxa, verde, rubia, marela, morada, lila... E cōa aspirina lila sucedeu o problema: ¡Loucatis empezou a botar fumo pola boca! E lougo polas orellas, polo nariz, e até polos ollos. A ra estaba mui asustada. O fumo empezou a salir pola fenestra... E lougo pola cheminea. E claro, os animais do bosque viron o fumo e correron escontra a casa da ra. Mais a porta estaba torgada e non podían abrir nela.

– Dádevos présa, por favor... Afogaremos aquí dentro!– berrou a mai.

Daquela, o cervo correu a avisar o guardabosque. O guardabosque correu escontra a casa da ra. Cōa caixa das ferramentas, abriu na porta.

As ras saliron correndo da casa.

– Gracias, gracias, señor guardabosque! - exclamou o pai ra, tusindo sen parar.

E comezou unha vez máis unha vida para Loucatis e, como sempre, chēa de loucura. Até que un día... a profesora de Loucatis preguntoulle:

– Loucatis, cuantas son cinco por tres?

E Loucatis contestou:

– Quince, é nidio.

– Vaia! –exclamou a profesora– Se nunca non o sabías!

Desde aquela, Loucatis volveuse listísima. Tan lista era, que deixaron de chamala Loucatis e chamáronna a Ra Lista.

E agora heivos deixar, porque teño que escribir outro conto Colorín coloría, abur ranía.

## QUEN É O CÉLO?

Seguramente que vos tedes preguntado algunha vez quen é o célo.

Pois verdes: o célo é unha señora que sempre viste de color azul. Na súa chaqueta leva un botón marelo mui, mui nidio. Tan nidio é que nos da luz a todos.

Mais cuando chega a noite, a señora ten que coser.

E como non está mui avezada a coser, sempre corta coas tisoiras o botón. E daquela, a luz vaise.

Entón, a señora prende uns farolíos mui miúdos chamados estrelas. Lougo, vai cear un melón da súa vila que é de color branca. E cuando chega o día, encontra dunha vez o botón e cose nel. E así ocorre sempre.

Ben, pois agora xa sabedes quen é o célo.

## O TALITIS

Mónica e Xesús eran primos. Un día decidiron contar esta historia á súa familia. Era polo día do Nadal. Xesús e Mónica estaban mui contentos porque ía vir Papá Noel. Mais como demoraba muito, foron dar un paseo. Camiñaran aínda pouco, cuando, de súpeto, encontráronse unha pedra mui rara no chao. Era mui pequena e tiña muitas cores. A verdade era que resultaba mui bonita e orixinal. Aos dous nenos gostoulles muito.

– Imos levala para a casa dos avós! –exclamou Mónica.

– Si, si... Alí poderemos observala –exclamou Xesús.

E fixéronno así. Cuando chegaron á casa dos avós, puxéronna enriba da mesa e observáronna. Tiña a forma dun ovo.

De súpeto, o ovo comezou a abrir e del saíu unha creatura mui estraña, mais era encantadora e dixo aos dous nenos:

– Olá, sou un talitis e veño doutro planeta.

Mónica e Xesús non se estrañaron demasiado. Ao contrario, pareceulles muito ben o talitis.

– Talitis –preguntáronlle–, sabes tu por que demora tanto Papá Noel?

– Pero hoxe non vén Papá Noel –contestou el asombrado.

– Claro que vén –insistiu Mónica.

– Pois no meu planeta vén o 75 de Xuño.

O que acontecía era que o talitis lles contaba os estraños costumes do seu planeta.

– E de que planeta es tu? –preguntoulle Xesús.

- Do planeta Estavacandalouca.
- Ai, que nome máis raro –exclamou Mónica. Xesús observou o título e dixo:
- Vaia, tu teís moitas cores!
- Trinta e nove mil cores –dixo el.
- A propósito, como te chamas? –preguntou Mónica.
- Chámome Pepe Xan Antonio David... –dixo el–, mais podedes chamarme Muitosnomes.

Mónica e Xesús estaban encantadísimos e contentos con Muitosnomes. Mais ao outro día... aínda non vira Papá Noel... e era Nadal!

- Escuita, talitis, non lle sucedería nada a Papá Noel? Porque el vén todos os anos, mais este ano non veu traguernos agasallos –dixo Mónica.

Mais daquela Mónica teve unha magnífica idea. Chamou a unha amiga dela de cinco anos chamada Lara:

- Olá, Lara. O que che trouxo Papá Noel?
- Ai, Mónica, aconteceu unha cousa ben rara. Non me trouxo regaliños –dixo–. Ben, abur.

Mónica pendurou e dixo ao seu primo:

- Polo visto, Papá Noel tampouco non trouxo nada a Lara.
- Daquela, aconteceuulle algo –dixo o talitis.
- Muitosnomes, tu podes voar? –preguntaron Xesús e Mónica.
- Claro. Por quen me tomades? –respondeulles el mui enoxado.
- Entón... –pensou Mónica
- Podemos subir até o ceu para buscalo –adiviñou Xesús.

– Mais hai un problema –dixo Muitosnomes–. Eu souvos pequeno e só podoo cargar cun de vós. E imaxino que os dous queredes subir, non si?

– Mónica, eu sou o maior dos dous e sei máis que tu. Eu debo subir –dixo Xesús.

– Es un fresco, neno –protestou Mónica.

– Perdoade que vos diga –interrompeu Muitosnomes—que Mónica é máis lixeira porque é máis pequena. Penso que é máis fácil que eu a leve a ela.

– Está ben –rosomou Xesús–. Non importa, que eu sonvos ben xeneroso.

Mais por dentro queimáballe toda a raiba e pensaba: "Que fresca é! Debería subir eu que sou muito máis intelixente que ela". Así e todo, quixo presumir de ser máis intelixente que ela:

– Por certo, Mónica, a que non sabes cuanto son vinte sete entre tres?

– Claro que o sei: sonche nove.

– Grr... Maldita ne... Muito ben, tu sabes muito, si.

– Queredes parar de pelexar? –interveu Muitosnomes–. Que queredes? Salvar a Papá Noel, se é que lle aconteceu algo, ou subirdes ao ceu?

– Salvar a Papá Noel –dixeron os dous ao mesmo tempo.

– Entón, Mónica, agárrate á miña pata!

Mónica féxoo así. Un segundo despois, encontrábanse entre as nubes.

– Cuidado, Muitosnomes, que te estrelas contra un avión!!! Uf, menos mal que o evitaches –resprou Mónica–. Hei, e cuidado con ese globo! Pon máis atención ou imos estrelarnos.

De súpeto houberon deterse porque había un guarda de tráfico a voar. Díxolles:

– Onde ides?

– Buscar a Papá Noel.

– Ao voso papá de mel??

– Non, imos buscar a Papá Noel –dixéronlle Muitosnomes e Mónica berrando e vocalizando porque se decataram que o guarda non ouvía ben.

– Ah, ben, mais para seguides, habedes adiviñar isto:

*Que animal ten dous cairos,  
dous dentes,  
non ten orellas  
e non ten o corpo cuberto  
de pelo, nin escamas nin prumas?*

– Pois... –pensou Mónica–, ningún?

– Correcto, podedes pasar –dixo o guarda.

Seguiron adiante. Axiña divisaron a Papá Noel nunha nubre. Ao seu carón ía un reno deitado.

– Olá, Papá Noel, sou...

– Sei muito ben quen es –interrompeu el–. Es Mónica e veches buscarme. O meu reno está doente.

– Eu hei curalo –dixo Muitosnomes, quen pronunciou unhas estrañas palabras. Inmediatamente, o reno incorporouse e ergueuse:

– Viva! Sandou! Gostaríavos vir comigo repartir regalos? –díxolles Papá Noel todo ledado.

– Claro, mais importaríache que enantes baixemos para recollermos o meu primo Xesús? –pediu Mónica.

– Non me importa en absoluto. Imos aló.

Xa dito e xa feito. Muitosnomes, Papá Noel e Mónica baixaron. Ao ver a Papá Noel, Xesús quedou abraiado:

– Aiou, se é Papá Noel! Que che pasou? Por que non veches a nos traer agasallos? –preguntou Xesús.

– O meu reno enfermara, mais Muitosnomes curouo.

– Sabes o meu nome? –preguntou Muitosnomes todo sorprendido, porque el non dixera o seu nome a Papá Noel.

– Eu sei todo. E ademais, por salvardes o meu reno, hei che dar a medalla "salva-renos".

O talitis botou a chorar pola emoción que tiña.

Despois desta conversa, Mónica e Xesús colleron unha chaqueta porque ía frío e foron repartir agasallos. Pasaron por Australia, Francia, Xapón, Inglaterra, Madrid... e por todos os sitios até voltaren á súa casa.

Ambos os nenos fóronse mui tarde para a cama. Á outra mañá acordaron e atoparon dúas medallas salva-renos como a de Muitosnomes, alén doutras moitas cousas. Queredes saber o que era? Síntoo, mais xa volo contarei outro día.